

10951 REAL DECRETO 638/2007, do 18 de maio, polo que se regulan as capitanías marítimas e os distritos marítimos. («BOE» 132, do 2-6-2007.)

O Real decreto 1246/1995, do 14 de xullo, polo que se regula a constitución e creación das capitanías marítimas, fixo efectivas parcialmente as previsións regulamentarias previstas na disposición derradeira segunda, número 1, letra a), da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

O citado real decreto desenvolve parcialmente a estrutura periférica da Administración marítima estatal, atendendo aos obxectivos da política de mariña mercante e aos fins que a propia lei establece como competencias e funcións propias da Administración xeral do Estado.

Coa finalidade de asegurar o cumprimento dos obxectivos mencionados polo artigo 74 da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, coa finalidade de garantir a seguraza da vida humana no mar e da navegación e da seguraza marítima e do ambiente, o Real decreto 1246/1995 organizou funcionalmente o litoral, mediante o establecemento das correspondentes capitanías marítimas, con suxeición ás condicións específicas que para a súa creación exixe o artigo 88.1 da Lei 27/1992, do 24 de novembro.

Estes órganos, dependentes da daquela existente Secretaría Xeral para os Servizos de Transportes, actualmente a Secretaría Xeral de Transportes, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, clasificáronse en capitanías marítimas de primeira, segunda e terceira categoría, dependendo do volume e das condicións de tráfico marítimo dos portos de adscrición, correspóndelles ás de primeira categoría a supervisión e dirección das restantes.

Esta estrutura funcionou con notable eficacia e constituíu un modelo administrativo que se caracterizou pola súa capacidade de resposta de cara á consecución tanto dos obxectivos encomendados á Administración marítima polo vixente ordenamento xurídico, coma do cumprimento das obrigas de carácter internacional asumidas no ámbito marítimo pola Administración xeral do Estado.

Non obstante, a evolución das tecnoloxías e das condicións en que se desenvolve o tráfico marítimo, que exixiron maior atención, tanto nacional coma internacional, a todos os problemas que poidan afectar a seguraza marítima, a navegación e a vida humana no mar, e a necesidade de implantar novos mecanismos que garantan, na medida do posible, a protección do medio marítimo, fan aconsellable a modificación da estrutura organizativa periférica da Administración marítima.

De acordo coas premisas e formulacións anteriormente expostas, con este real decreto preténdense cubrir os obxectivos que a seguir se indican.

Por unha parte, trátase de lograr unha flexibilización da estrutura periférica marítima, que permita unha mellor utilización dos medios tanto materiais coma persoais con que conta a Administración marítima, de xeito que se garanta unha maior eficacia no cumprimento das súas obrigas, ao tempo que se logra un achegamento, compatible co exercicio das súas funcións, aos sectores sociais e económicos relacionados co medio mariño.

De igual forma, inténtase potenciar a figura do capitán marítimo, que se configura como o elemento de referencia da Administración marítima periférica, mediante o reforzo das funcións de dirección e coordinación que lle corresponden no ámbito das capitanías marítimas. Todo iso no marco do disposto no artigo 88.3 e concordantes da Lei 27/1992, do 24 de novembro.

Para iso, este real decreto modifica o modelo de capitanías marítimas creado polo Real decreto 1246/1995, do 14 de xullo, e procede á supresión das capitanías de segunda e terceira categorías, de maneira que unicamente exista un tipo de capitanías marítimas, cuxo ámbito xeográfico de competencias se establece consonte os parámetros técnicos recollidos no artigo 88.1 da Lei 27/1992, do 24 de novembro.

O lugar das antigas capitanías marítimas de segunda e terceira categoría é ocupado polos distritos marítimos, órganos cuxa creación xa estaba prevista pola disposición derradeira segunda, parágrafo primeiro, da Lei 27/1992, do 24 de novembro, e que se configuran como órganos desconcentrados, cos cales se pretende atender ás necesidades puntuais do sector marítimo, concentrando nas capitanías o tratamento e os medios precisos para lles facer fronte aos problemas e á casuística máis importantes existentes no seu ámbito xeográfico competencial.

En consecuencia, desenvólvense máis exhaustivamente as funcións que lle confire ao capitán marítimo o artigo 88.1 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, que asumirá ademais a dirección e coordinación de todos os servizos incardinados na propia capitanía e dos distritos marítimos dependentes dela, a coordinación de actuacións con outras administracións públicas cuxo ámbito de actividade se relaciona co medio mariño e a dirección e coordinación dos servizos marítimos encomendados á Sociedade de Salvamento e Seguraza Marítima (Sase-mar), coa finalidade de establecer a necesaria unidade de criterios de actuación e optimizar o emprego dos recursos dispoñibles.

Así mesmo, procédese á supresión das áreas de xestión das capitanías marítimas, creadas polo artigo 4 do Real decreto 1246/1995, do 14 de xullo, e substitúense por ámbitos funcionais de actuación, co fin de agrupar organizativamente e favorecer a coordinación de actuacións que operan sobre unha mesma realidade técnica e cobren un obxectivo común.

O factor determinante vén dado pola unificación de todas as funcións e actividades relacionadas coa seguraza no seu sentido máis amplo e cos labores de inspección; outórgaselles así un tratamento integral técnico e xurídico-administrativo a todos os aspectos da actividade marítima relacionados coa seguraza.

Como consecuencia do anterior, foi obrigado modificar determinadas normas que regulan o exercicio da función inspectora marítima, reforzando o control organizativo e a supervisión das actividades inspectoras dos capitáns marítimos no ámbito das súas competencias e posibilitando que os xefes de distrito, baixo a dirección daqueles, poidan desenvolver actividades inspectoras no ámbito xeográfico de competencias da capitanía, sempre que se atopen en posesión da titulación técnica que os habilite para iso.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 18 de maio de 2007,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular a Administración marítima periférica española, mediante:

a) O establecemento dunha nova ordenación e estrutura das capitanías marítimas constituídas polo Real decreto 1246/1995, do 14 de xullo, polo que se regula a constitución e creación das capitanías marítimas.

b) A creación e regulación dos distritos marítimos.

c) A fixación dos requisitos, das funcións e do procedemento para a creación e supresión dos órganos periféricos, de conformidade co previsto polo artigo 88.1 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

2. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, a Administración marítima periférica estruturase en:

- a) Capitanías marítimas.
- b) Distritos marítimos.

Artigo 2. *Requisitos para a creación das capitanías marítimas.*

Para a creación das capitanías marítimas deberán concorrer algún ou algúns dos seguintes requisitos:

- a) A existencia de portos de interese xeral.
- b) A grande intensidade ou as especiais particularidades do tráfico marítimo, en función do volume da navegación, do movemento de buques de gran tonelaxe, das características técnicas ou de explotación dos buques e da necesidade de establecer servizos de organización e control do tráfico marítimo e de remolque e practicaxe, se for o caso.
- c) A concurrencia de condicións técnicas ou xeográficas que poidan incidir na seguranza da navegación, da vida humana no mar ou na prevención da contaminación do medio mariño, valorando para tal efecto as características dos canais, baixos e puntas da zona, o tránsito de buques que porten mercadorías perigosas ou contaminantes e a necesidade de establecer servizos que garantan as actividades da navegación nas condicións axeitadas de seguranza.

Artigo 3. *Procedemento de creación ou supresión das capitanías marítimas.*

1. O procedemento para a creación das capitanías marítimas iniciárase a Secretaría Xeral de Transportes, ben directamente ou por petición razoada doutros departamentos ministeriais, administracións públicas ou persoas xurídicas interesadas, logo de informe da delegación do goberno correspondente, oídas as comunidades autónomas e os concellos competentes por razón da situación xeográfica da capitanía marítima e coa autorización do Ministerio de Economía e Facenda de acordo coas previsións legais en materia orzamentaria.

2. A creación dos citados órganos levarase a cabo mediante orde ministerial, de conformidade co previsto na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

3. A supresión das capitanías marítimas realizarase con suxeición ao procedemento regulado nos parágrafos anteriores cando se deixen de reunir os requisitos que orixinaron a súa creación.

Artigo 4. *Ámbito xeográfico de competencias das capitanías marítimas.*

O ámbito xeográfico de competencias das capitanías marítimas comprenderá:

- a) A zona da ribeira do mar así como os espazos terrestres en que haxa instalacións ou se realicen actividades cuxa autorización, control ou inspección lle corresponda á capitanía marítima, situados entre os puntos do territorio que para o efecto se fixen nas disposicións de creación anteriormente citadas.
- b) As augas marítimas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición comprendidas entre as liñas de rumbo que parten cara ao mar desde os puntos do territorio citados no parágrafo anterior, así como as augas adxacentes ás illas situadas entre estas liñas.
- c) As desembocaduras dos ríos e as súas augas ata onde se faga sensible o efecto das mareas, así como os tramos navegables dos ríos ata onde existan portos de interese xeral.

Artigo 5. *Creación e supresión dos distritos marítimos.*

1. O ámbito xeográfico de cada capitanía marítima comprenderá un ou varios distritos marítimos, coa consideración de órganos administrativos dependentes do capitán marítimo. Á fronte de cada distrito marítimo existirá un xefe de distrito.

2. Para fixar o número de distritos correspondentes a cada capitanía marítima tomarase en consideración o volume da frota, a existencia de instalacións portuarias e a intensidade das actividades náutico-deportivas que se desenvolvan na zona.

3. O procedemento de creación ou supresión dos distritos marítimos realizarase por proposta da Dirección Xeral da Mariña Mercante e logo do informe do capitán marítimo competente, e resolverase por orde conxunta dos ministros de Fomento e de Administracións Públicas.

4. Na sede das capitanías marítimas existirá unha xefatura de distrito. O capitán marítimo atribuiralle as funcións da xefatura dese distrito á unidade administrativa da capitanía que resulte da aplicación dos criterios que para o efecto estableza o director xeral da Mariña Mercante.

Artigo 6. *Dependencia orgánica.*

As capitanías marítimas e os distritos marítimos dependen orgánica e funcionalmente do Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante.

Artigo 7. *Coordinación con outros organismos e entidades.*

1. Tanto nos portos de interese xeral coma nos de competencia das comunidades autónomas, a capitanía marítima coordinará as súas actividades coa autoridade ou organización portuaria correspondente para o cumprimento dos seus fins respectivos relacionados coa seguranza marítima e da navegación, o salvamento da vida humana no mar e a prevención e loita contra a contaminación do medio mariño e a protección marítima, con suxeición ao disposto nos artigos 4 e 18 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os servizos marítimos encomendados pola Administración xeral do Estado á Sociedade de Salvamento e Seguranza Marítima en materia de salvamento marítimo e prevención e loita contra a contaminación, que preste esta sociedade no ámbito xeográfico de competencias das capitanías marítimas, levaranse a cabo baixo a dirección e con suxeición ás instrucións do capitán marítimo correspondente, conforme o disposto na normativa sobre plans e programas aplicables a estas materias, sen prexuízo do disposto nos protocolos de actuación formalizados para o efecto entre a dita sociedade e a Dirección Xeral da Mariña Mercante.

3. Así mesmo, as capitanías marítimas colaborarán e coordinaránse co Centro para a Prevención e Loita contra a Contaminación Marítima e do Litoral, ao cal lle facilitarán cada tres meses e, en todo caso, de forma inmediata no suposto de se producir un suceso de contaminación mariña, a información necesaria para o cumprimento dos seus fins, de acordo co previsto nos artigos 4 e 18 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Sen prexuízo do disposto no artigo 10 c), os capitáns marítimos porán en coñecemento das administracións públicas territoriais todo sinistro, accidente ou suceso que se produza nas augas adxacentes ao seu ámbito territorial, sempre que se puidesen ver afectadas en función da importancia ou a gravidade do evento.

Artigo 8. *Realización de obras ou modificacións marítimas nos portos.*

1. Para facer posible o exercicio das funcións que o artigo 88.3, letras c), e) e g), da Lei 27/1992, do 24 de novembro, lle atribúe ao capitán marítimo respecto dos canais de entrada e saída dos portos e da dispoñibilidade,

por razóns de seguranza marítima, dos servizos de practicaxe e remolque, as autoridades portuarias estatais e autonómicas informaran sobre calquera obra ou modificación dos diques de abrigo, do balizamento e demais circunstancias que afecten a configuración e as sondas dos accesos ao porto, así como do seu estado xeral e do seu desenvolvemento, e de calquera incidencia que afecte ou poida afectar a seguranza marítima e da navegación e a prevención da contaminación mariña.

Esta información deberá selle subministrarse así mesmo ao Instituto Hidrográfico da Mariña para a súa toma de razón nos correspondentes portolanos e para a súa difusión a través dos avisos aos navegantes.

2. Cando as obras ou modificacións a que se refire o parágrafo anterior afecten instalacións outorgadas en réxime de concesión ou autorización ou se produza calquera circunstancia que poida afectar a seguranza marítima, da navegación ou a prevención da contaminación mariña en relación con aquelas, os concesionarios ou titulares da autorización deberán comunicar esa información ás capitánías marítimas e ao Instituto Hidrográfico da Mariña.

3. Nos portos en que sexa obrigatorio o servizo de practicaxe, cando estas obras ou modificacións alteren ou poidan alterar a navegación segura cara a ou desde o punto previsto de embarque dos prácticos, deberá modificarse a posición do citado punto ata un lugar seguro. Para iso, as autoridades portuarias citadas no punto 1, co informe vinculante do capitán marítimo polo que afecta a seguranza marítima e da navegación, oída a Corporación de Prácticos, establecerán o novo punto de embarque.

CAPÍTULO II

Funcións dos capitáns marítimos e dos xefes de distrito

Artigo 9. *O capitán marítimo.*

1. O capitán marítimo exerce a xefatura de todas as unidades administrativas dependentes directamente da capitánía marítima, así como a dirección e coordinación dos distritos marítimos integrados no seu ámbito xeográfico.

2. Baixo a superior dirección da Secretaría Xeral de Transportes e con dependencia orgánica e funcional da Dirección Xeral da Mariña Mercante, o capitán marítimo está facultado, con suxeición ás ordes e directrices da Dirección Xeral da Mariña Mercante, para organizar as tarefas encomendadas á capitánía marítima do xeito que considere máis eficaz para o cumprimento dos seus fins.

3. Así mesmo, na súa condición de autoridade e nos termos fixados no parágrafo anterior, o capitán marítimo dirixirá e impulsará as actividades inherentes ás funcións que lle están atribuídas.

4. Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, o capitán marítimo será substituído no exercicio das súas funcións polo titular da unidade administrativa que designe a Dirección Xeral da Mariña Mercante.

Artigo 10. *Funcións do capitán marítimo.*

Ademais das funcións que lle atribúen os artigos 88, 107, 108, 109, 111 e 112 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, e de calquera outra que lle confira expresamente a normativa vixente, de acordo co disposto no artigo 88.3.g) da citada lei, o capitán marítimo exercerá as seguintes:

a) As actuacións que, conforme o disposto polos plans e programas de salvamento da vida humana no mar e de loita contra a contaminación do medio mariño, lle corresponda asumir, así como a coordinación coas administracións públicas con competencia sobre esta materia, nos termos establecidos na lexislación vixente, sen prexuízo do disposto no número 2 do artigo 7.

b) As funcións que lle correspondan de acordo co disposto nos artigos 36 e 36 bis do texto refundido da Lei

de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

c) A comunicación á Dirección Xeral da Mariña Mercante de todos aqueles sinistros, accidentes e sucesos que se produzan nas augas de competencia da capitánía marítima.

d) A execución de cantas medidas lle encomende a Dirección Xeral da Mariña Mercante en situacións de sinistros, accidentes ou sucesos, así como a adopción de cantas medidas de urxencia considere procedente para salvagardar a seguranza marítima ou previr a contaminación marítima.

e) A solicitude á autoridade xudicial competente da adopción das medidas que sexan necesarias para exixirle ao navieiro ou ao propietario do buque o cumprimento das súas obrigas no caso de accidentes ou circunstancias extraordinarias relacionadas co buque ou coa súa navegación, así como solicitar a colaboración das administracións públicas competentes por razón da materia.

f) A participación e a realización das actuacións que a comisión encargada da investigación de sinistros e sucesos marítimos lle poida encomendar, nos termos previstos na súa normativa reguladora.

g) A prevención e control das verteduras contaminantes procedentes de buques, plataformas fixas ou outras instalacións marítimas nas augas comprendidas no ámbito xeográfico de competencia da capitánía.

h) A prohibición ou restrición da navegación, para determinadas zonas e por tempo limitado, por razóns de seguranza da vida humana no mar e da navegación e de prevención e loita contra a contaminación mariña, ou para determinados buques civís, por razóns de prevención de actividades ilícitas ou tráfico prohibidos, de conformidade co que, de ser o caso, dispoña a lexislación en materia de seguranza cidadá.

i) A autorización de fondeadura fóra das augas de servizo dos portos de interese xeral, sen prexuízo das funcións reguladas no artigo 11.2.g).

j) A aplicación e o control das prescricións en materia de protección marítima a bordo dos buques.

k) A resolución dos expedientes en materia de tripulacións mínimas de seguranza para embarcacións de eslora (L) inferior a 24 metros.

l) A proposta, á Dirección Xeral da Mariña Mercante, dos sistemas de organización do tráfico marítimo e dos balizamentos en augas situadas fóra das zonas de servizo dos portos que se consideren pertinentes para garantir a seguranza marítima e da navegación, así como a determinación dos seus procedementos de control.

m) A proposta de resolución á Dirección Xeral da Mariña Mercante de expedientes sobre exención da obrigatoriedade da utilización do servizo de practicaxe.

n) A proposta ás autoridades portuarias da autorización ou prohibición das operacións de carga ou descarga dos buques que atraquen en portos españois, por razóns de seguranza marítima ou como consecuencia do cumprimento das normas de ordenación do tráfico marítimo, sen prexuízo do exercicio de funcións plenas en relación a estas operacións cando tivesen lugar fóra da zona de servizo dos portos e nas zonas en que España exerza soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición.

o) A proposta á autoridade portuaria competente do peche do porto cando razóns relacionadas coa protección interna, coa seguranza da vida humana no mar, a seguranza na navegación, a seguranza marítima e a loita contra a contaminación do medio mariño así o aconsellen.

p) As funcións e cometidos que aos capitáns marítimos lles atribúa a normativa marítima relativa a lugares de refuxio, escalas de buques por motivos de seguranza marítima, as inspeccións de buques no ámbito do Memorando de París e o procedemento sancionador, así como calquera outra que lles poida ser atribuída de conformidade co disposto no artigo 88.3.g) da Lei 27/1992, do 24 de novembro.

Artigo 11. *Funcións dos xefes de distritos marítimos.*

1. Os xefes de distritos marítimos, baixo a dirección e de acordo coas instrucións que imparta o capitán marítimo do cal dependan, exercerán a xefatura das unidades administrativas dependentes deles e desempeñarán as tarefas e cometidos que aquel lles encomende.

2. Así mesmo, exercerán as seguintes funcións:

a) As actividades relacionadas co rexistro e abandeiamento de buques e embarcacións menores de 24 metros de eslora, con excepción das baixas por exportación e da expedición das patentes de navegación.

b) O despacho de buques.

c) As funcións administrativas relativas ao enrolamento e desenrolamento dos tripulantes de buques e embarcacións e as relativas aos pasaxeiros ou ás persoas alleas á tripulación e á pasaxe.

d) A colaboración coas autoridades competentes nos portos e nas praias, para os efectos de que as actividades náuticas e de baño se realicen en condicións compatibles coa seguranza da vida humana no mar e da navegación, así como a cooperación coas ditas autoridades en materia de salvamento marítimo.

e) Informe e proposta á capitanía marítima competente para a adopción das medidas de policía e sancionadoras previstas na Lei 27/1992, do 24 de novembro, por accións ou omisións que poidan vulnerar os bens xurídicos tutelados pola Administración marítima.

f) Tramitación dos expedientes de expedición, revalidación, troco, validación e renovación de títulos profesionais e de recreo.

g) As autorizacións de fondeadura nas augas adxacentes ás zonas de servizo dos portos xestionados polas comunidades autónomas, sempre que esas augas non formen parte da zona de servizo dun porto de interese xeral.

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, o capitán marítimo poderá delegar nos xefes de distrito o exercicio de calquera outra función que considere conveniente, para os efectos de garantir o funcionamento máis eficaz dos fins encomendados ás capitanías marítimas.

Artigo 12. *Organización das capitanías e distritos marítimos.*

1. Para a consecución dos obxectivos que fixa o artigo 74 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, e consonte o disposto no artigo 5 deste real decreto, a organización das capitanías marítimas establecerase de maneira que a distribución das súas tarefas cubra os seguintes ámbitos funcionais; ordenación da navegación; seguranza marítima; prevención e loita contra a contaminación do medio mariño; e asuntos xerais, xurídicos e expedientes sancionadores.

2. As relacións de postos de traballo establecerán as unidades administrativas que integren a organización das capitanías marítimas, de conformidade cos ámbitos funcionais a que se refire o parágrafo anterior.

3. Así mesmo, as relacións de postos de traballo correspondentes aos distritos marítimos deberanse establecer de conformidade co ámbito funcional comprendido no artigo 11.

Artigo 13. *Funcións de inspección.*

1. De conformidade co previsto no artigo 86.5 en relación co 88.3.f) e g) da Lei 27/1992, do 24 de novembro, o Ministerio de Fomento realizará a ordenación e execución das inspeccións dos buques a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante e das capitanías marítimas, baixo a supervisión do capitán marítimo.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, os xefes de distrito poderán realizar directamente as actividades de inspección, no ámbito xeográfico da capitanía marítima de que dependan, nas seguintes condicións:

a) Os xefes de distrito poderán realizar inspeccións de buques civís españois sempre que estean en posesión da titulación correspondente coa actividade inspectora que van realizar segundo o disposto no artigo 9 do Regulamento de inspección e certificación de buques civís, aprobado polo Real decreto 1837/2000, do 10 de novembro, e con suxeición aos requisitos técnicos e operativos exixidos por esta norma, de acordo coas instrucións que para o efecto lles impartan os capitáns marítimos.

b) Así mesmo, os xefes de distrito poderán realizar as inspeccións de buques estranxeiros en portos españois sempre que reúnan os requisitos de titulación exixidos polo punto 2.1.ºB) ou 2.º a) e b) do anexo VII do Regulamento polo que se regulan as inspeccións de buques estranxeiros en portos españois, aprobado polo Real decreto 91/2003, do 24 de xaneiro.

Ademais, deberán acreditar que cumpren os requisitos a que se refiren os puntos 3 e 4 do citado anexo.

3. Os responsables das unidades administrativas das capitanías marítimas e os xefes de distrito poderán realizar as inspeccións que se regulan no Real decreto 1907/2000, do 24 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre recoñecementos obrigatorios para garantir a seguranza da navegación en determinados buques de pasaxe, sempre que estean en posesión da titulación correspondente para a actividade inspectora que van realizar, conforme o previsto no artigo 9 do Regulamento de inspección e certificación de buques civís.

Artigo 14. *Recursos administrativos.*

1. As resolucións e actos de trámite ditados polos capitáns marítimos e os xefes de distrito poderán ser obxecto de recurso en vía administrativa, nos termos previstos no artigo 107.1.º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e será competente para resolver eses recursos o director xeral da Mariña Mercante.

2. Para efectos do previsto no punto anterior, os capitáns marítimos e os xefes de distrito deberanlle remitir á Dirección Xeral da Mariña Mercante a documentación e o informe a que fai referencia o artigo 114.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 15. *Gasto público.*

A aplicación das previsións contidas neste real decreto, así como a execución das medidas que derivan del non implicará aumento do gasto público.

Disposición adicional única. *Capitanías marítimas existentes.*

1. As capitanías marítimas de primeira categoría e as de segunda categoría de Eivissa/Formentera constituídas polo Real decreto 1246/1995, do 14 de xullo, e pola orde do ministro da Presidencia do 21 de xaneiro de 1999, pola que se modifica a categoría da Capitanía Marítima de Avilés, pasan a considerarse como capitanías marítimas para os efectos previstos na Lei 27/1992, do 27 de novembro, e neste real decreto, coa denominación e o ámbito xeográfico que figuran no anexo.

2. As capitanías marítimas de segunda e terceira categoría, constituídas en virtude do disposto no Real decreto 1246/1995, do 14 de xullo, terán a consideración de distritos marítimos, coa dependencia orgánica e denominación que figuran no anexo.

Disposición transitoria primeira. *Cometidos das unidades administrativas.*

Mentres non se proceda á distribución de tarefas entre as diferentes unidades administrativas que se creen nas capitanías marítimas de conformidade co disposto no artigo 12, a Dirección Xeral da Mariña Mercante establecerá as funcións das xefaturas das áreas de xestión supri-

midas por este real decreto consonte cos ámbitos funcionais a que se refire ese artigo.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación da relación de postos de traballo.*

1. Os postos de traballo das actuais capitanías marítimas de primeira continuarán subsistentes mentres non se aproben as correspondentes relacións de postos de traballo adaptadas ao disposto neste real decreto.

2. Os postos de traballo das actuais capitanías marítimas de segunda e de terceira pasarán a se integrar nos correspondentes distritos marítimos creados por este real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Procedementos en curso.*

Aos procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto non lles será de aplicación o disposto neste, e rexeranse pola normativa vixente no momento da súa iniciación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogados o Real decreto 1246/1995, do 14 de xullo, polo que se regula a constitución e creación das capitanías marítimas, e a orde do ministro da Presidencia do 21 de xaneiro de 1999 pola que se modifica a categoría da Capitanía Marítima de Avilés, así como cantas referencias ás áreas de xestión das capitanías marítimas e ás súas correspondentes xefaturas se fagan na normativa en vigor.

2. De igual xeito quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.*

As referencias que o Real decreto 1027/1989 sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo fai aos xefes provinciais da Mariña Mercante, aos inspectores provinciais de Seguranza Marítima, Buques e Comunicacions e ás provincias marítimas deberán entenderse feitas, respectivamente, aos capitáns marítimos, aos xefes de distrito, aos inspectores navais, aos inspectores marítimos náuticos, de máquinas e de radio, e ás capitanías marítimas.

Disposición derradeira segunda. *Modificacións do Regulamento de inspección e certificación de buques civís, aprobado polo Real decreto 1837/2000, do 10 de novembro.*

O Real decreto 1837/2000, do 10 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de inspección e certificación de buques civís, queda modificado como segue:

Un. O artigo 8 queda redactado da seguinte maneira:

«1. A función inspectora da Administración xeral do Estado dirixiraa, executaraa e supervisaraa a Dirección Xeral da Mariña Mercante, a través dos seus órganos centrais e periféricos.

2. Correspóndelle á Dirección Xeral da Mariña Mercante a ordenación técnica, o impulso, o control e, de ser o caso, a execución da función inspectora da Administración marítima, así como a elaboración dos estándares e criterios técnicos para a súa realización.

3. As actividades inspectoras reguladas neste regulamento serán realizadas por funcionarios debidamente acreditados do Ministerio de Fomento, cos coñecementos e coa titulación adecuados para a realización eficaz dos labores asignados, nos termos que determina o artigo 9, e que ocupen postos de traballo que supoñan o exercicio de funcións de inspección e control de buques. Non obstante, o Ministerio de Fomento poderalles confiar estas actividades aos

